

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO.

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2022

REUNIDOS:

Por unha banda, D. _____, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 13 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74, do 18 de abril de 2017).

Por outra banda, D. _____ Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 35/2022, do 17 de marzo, publicado no DOG nº 56 do 22 de marzo de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que o artigo 51 da Constitución Española recoñece expresamente que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

O artigo 30.1, parágrafo 4, do Estatuto de Autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 y 149. 1. 11 y 13 da Constitución.

Para o desenvolvemento da dita competencia, no Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016), créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo de carácter administrativo ó que lle corresponde a realización, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da política de defensa do consumidor e usuario nos ámbitos de inspección, vixilancia do mercado, mediación e arbitraje.

SEGUNDO.- Que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Universidade de Santiago de Compostela son conscientes da importancia e necesidade da implicación do mundo universitario, expoñente do mundo do coñecemento, coa aplicación práctica do dereito de consumo dentro das súas diferentes vertentes, especialmente polas autoridades e administracións de consumo, así como a de establecer foros de debate e propostas para o cumprimento da defensa dos consumidores e usuarios prevista na Constitución española de 1978, e facilitar a investigación en materia do dereito de consumo.

Por elo, considérase que estes fins poden instrumentarse a través de diferentes formas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

TERCEIRO.- Que a colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Universidade de Santiago de Compostela xa se ven articulando, dende o ano 2002, por medio de convenios de colaboración, ó entender que estes constitúen o instrumento máis idóneo para potenciar e acadar aquelas finalidades de vinculación do mundo universitario á administración de consumo, e viceversa.

CUARTO.- Que non é posible promover a concorrencia atendida a especificidade da institución universitaria e que desde o Instituto Galego do Consumo e da Competencia se prevé establecer convenios de colaboración similares coas outras dúas universidades.

De acordo co exposto, ambas partes asinan o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o IGCC e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e investigación no eido do Dereito de Consumo, a participación do persoal ó servizo da universidade no arbitraje de consumo e establecer foros de debate e proposta conxuntos e facilitar a formación práctica no dereito do consumo.

A participación no sistema arbitral de consumo permitirá ao persoal ao servizo da universidade, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, o estudo, análise de laudos arbitrais, así como do funcionamento, en xeral, do sistema arbitral e as formas de protección dos dereitos dos consumidores polo IGCC.

SEGUNDA: Compromisos do IGCC.

O IGCC facilitará unha formación práctica no dereito do consumo e a participación de persoal ao servizo da universidade no sistema da arbitraje de consumo a través da presidencia e secretaría dos colexios arbitrais da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

A participación no sistema arbitral de consumo permitirá ao persoal ao servizo da universidade, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, o estudo, recompilación, análise de laudos arbitrais, así como do funcionamento, en xeral, do sistema arbitral e as formas de protección dos dereitos dos consumidores polo IGCC, sen que, en ningún caso, poidan realizar traballos para o instituto.

O IGCC facilitará a participación deste persoal en actividades formativas e de divulgación organizadas e dirixidas polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia.



Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación como co- elaboradoras das dúas entidades.

TERCEIRA: Compromisos da Universidade.

A Universidade de Santiago de Compostela designará, de acordo co IGCC, ata 2 persoas ao servizo da universidade que deberán estar en posesión do título de licenciado/a ou grado, en dereito, de acordo co establecido no Real decreto 231/2008, do 15 de febreiro, polo que se regula o sistema arbitral de consumo.

A universidade, designará preferiblemente entre o persoal ao seu servizo, a aquel con especial interese no eido do Dereito de Consumo ou que estea realizando estudos ou investigacións nesta materia.

A universidade asume o compromiso de que este persoal acudirá ás oficinas do IGCC para as actividades relacionadas coa participación no sistema arbitral e someterase ó procedemento de actuación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia en relación a este convenio xuntado como anexo I.

Entre a formación práctica a desenvolver polo persoal designado pola Universidade encontrase a participación activa no sistema da arbitrase de consumo a través das seguintes actividades:

- Presidencia e secretaría dos colexios arbitrais da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia. A planificación e convocatoria das audiencias arbitrais corresponderá á Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.
- A participación nos colexios arbitrais deste persoal comprenderá tamén o estudo e recompilación da documentación , estudo e análise de laudos arbitrais, correspondéndolle ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia a coordinación das tarefas arbitrais, e a formación do persoal universitario neste eido.
- Asesoramento e colaboración en materias relativas á protección dos consumidores.

CUARTA: Outros compromisos da Universidade.

Ademais dos derivados da cláusula anterior e o resto do convenio, a universidade realizará, a lo menos unha xornada ou seminario, sobre as temáticas que, relacionadas co Dereito de Consumo, se determinen conxuntamente co IGCC, valorando a necesidade ou interese da temática en cada momento e poñendo de manifesto a actividade levada a cabo na xunta arbitral polo persoal ó servizo da Universidade de Santiago de Compostela que participe neste convenio e en base ó obxecto do mesmo.

Previo acordo das partes, estas xornadas ou seminarios poderán substituírse pola realización de cursos monográficos de duración equivalente.



Nestas actividades reservarase un mínimo de 10 prazas con carácter gratuíto para as persoas que designe o Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

QUINTA: Condicións económicas.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, aportará á Universidade de Santiago de Compostela, a cantidade total de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 06.80.613A.640.1 que figura dotada no orzamento de gastos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para 2022. Dita cantidade supón a aportación máxima do IGCC os gastos da actividade. No anexo III deste convenio establécese unha previsión dos gastos das actividades obxecto do convenio.

Faise constar que esta aportación do IGCC supón unha compensación dos gastos reais nos que incorra USC con motivo deste convenio e supón ó 88,40 % dos gastos reais do mesmo, sendo por conta da Universidade de Santiago de Compostela o 11,60% restante.

SEXTA: Forma de libramento e xustificación das actuacións.

Antes do día 24 de decembro do ano 2022 deberá a Universidade xustificar as actividades obxecto do convenio con:

- Unha memoria-informe onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas pola Universidade.
- Unha nota ou xustificante de cargo pola contía que recibe do IGCC onde figure o NIF das dúas entidades e o concepto.
- Unha memoria económica, realizada pola Universidade de Santiago de Compostela, onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación.

Ditas actividades deberán xustificar o 100% dos gastos reais da actividade conxunta. Unha vez recibida dita xustificación procederase ó pagamento do 88,4% dos gastos que xustifique a USC cun máximo para o IGCC de 30.000 euros, previa certificación de conformidade do IGCC en relación co cumprimento do convenio.

Para a xustificación do convenio poderán terse en conta xustificantes de gastos devindicados correspondentes ó período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non foran efectivamente pagados, sempre e cando se refiran ós gastos de cotas patronais e obreiras de Seguridade Social e os relacionados con obrigas tributarias concernentes ó IRPF.

No caso de detectarse deficiencias na execución do convenio, deberase levar a cabo unha redución proporcional na aportación feita polo IGCC, fundamentalmente cando se trate de incumprimentos por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

SÉTIMA: Coordinación das actuacións.

As actividades da Universidade de Santiago de Compostela realizarase baixo a coordinación de D. _____ a través do grupo de investigación GI- 1147 “De conflictu legum”, e polos correspondentes representantes do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

A Universidade de Santiago de Compostela realizará unha memoria das actividades realizadas no seo do Convenio.

OITAVA: Comisión de seguimento.

Para a valoración global do grado de cumprimento do Convenio, créase unha Comisión paritaria de seguimento formada por dous representantes de cada Entidade, sendo presidida por un dos representantes do Instituto Galego do Consumo e da Competencia. A comisión deberá reunirse, como mínimo unha vez ao ano, e sempre que o solicite unha das dúas partes. Está comisión é competente para resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio, que puideran suscitarse.

Integrarán dita comisión:

-Por parte do Instituto Galego do Consumo e da Competencia:

-A persoa titular do Servizo de Protección ao Consumidor.

-A persoa titular do Servizo de Información, cooperación e fomento

-Por parte da Universidade de Santiago de Compostela:

- A persoa titular da Vicerreitoría de Política Científica, ou persoa en quen delegue

- O Prof. _____, Profesor Titular do Departamento de Dereito Común

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia pola comisión mixta paritaria. Para os conflitos eventuais e controversias que poidan xurdir entre as partes e que non poidan ser resoltas na comisión mixta, serán de coñecemento e competencia do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

NOVENA: Relacións entre o persoal e o I.G.C.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal ao servizo da universidade e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

DÉCIMA: Duración.

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2022 .Todo isto sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o dito prazo por períodos de duración anual, previo cumprimento dos trámites orzamentarios.

En virtude da normativa vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, este convenio poderá

ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA: Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMO SEGUNDA: Natureza xurídica.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

DÉCIMO TERCEIRA: Normativa aplicable.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, así como polas disposicións se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reguladora da transparencia e o bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia. Ademais de todo o anterior, o presente convenio axustarase á normativa reguladora do Sistema Universitario aplicable á Universidade de Santiago de Compostela.

DÉCIMO CUARTA: Publicación de datos.

A USC consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo

que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO QUINTA: Protección de datos de carácter persoal.

Calquera transmisión de información quedará limitada pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como polo respecto ó dereito de confidencialidade cara terceiros.

A USC na medida en que a través do seu persoal terá acceso aos expedientes nos que figuran datos persoais, terá a consideración de encargado do tratamento. Polo tanto, en virtude da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais establece que :

- Todo persoal ó servizo da Universidade de Santiago de Compostela que forme parte deste convenio nas dependencias do IGCC asinará un compromiso de confidencialidade (anexo II).
- Queda expresamente prohibido que os expedientes tratados saian das instalacións do IGCC.
- A información tratada por dito persoal terá a consideración de reservada quedando prohibido calquera conducta ou actitude que poida levar consigo a súa revelación ou facilitar o seu coñecemento a terceiros non autorizados.
- Unha vez rematado o convenio, todos os datos de carácter persoal serán destruídos ou devoltos ó IGCC, ó igual que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal.

**O DIRECTOR DO INSTITUTO
GALEGO DO CONSUMO E DA
COMPETENCIA**

**O REITOR DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**
Por Delegación de Competencias
Resolución Reitoral 21/04/2022
DOG 26/04/2022
O xerente

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)



ANEXO I

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA EN RELACIÓN CO PERSOAL Ó SERVIZO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN VIRTUDE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, en relación ó persoal ó servizo da Universidade de Santiago de Compostela en virtude do convenio de colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a dita universidade , no eido do dereito de consumo e a arbitrase de consumo, rexerá polo presente procedemento.

1.- A Universidade fixará , para dito persoal, un horario do servizo a prestar coa finalidade de que o mesmo se atope axeitadamente cuberto, con independencia do horario laboral fixado polo IGCC para os seus funcionarios.

En particular, corresponde á Universidade:

- A vixilancia do horario de asistencia de dito persoal
- As licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación relacionada co tempo de realización das actividades encomendadas, serán realizadas polos encargados da universidade.

2.- Xestión do persoal encargado de realizar as tarefas encomendadas:

Será responsabilidade da universidade e dos seus encargados impartir tódalas ordes, criterios de realización das actividades a realizar e directrices ó seu persoal, sendo o IGCC alleo a estas relacións laborais.

3.- Medios materiais

A Universidade porá a disposición do seu persoal os medios materiais necesarios para levar a cabo as tarefas encomendadas, quedando expresamente prohibido o uso dos medios do IGCC. De ser necesario o uso de medios do IGCC, deberá comunicarse por escrito ó mesmo para a súa valoración e adopción das medidas que se consideren pertinentes.

4.- Comunicación persoal IGCC- persoal universidade

A interlocución entre a universidade e o IGCC será a través dos coordinadores ou responsables designados pola mesma e que serán comunicados por escrito a Xerencia do IGCC.

Para a boa marcha da xestión e organización do traballo, queda prohibida a interlocución directa entre funcionarios e persoal do IGCC e o persoal da universidade, así como dar instrucións de traballo. O non respecto da presente instrución, deberá poñerse en coñecemento da Xerencia do IGCC para proceder a adopción das medidas que se consideren oportunas.

5.- Da representación

A representación ou participación do IGCC nas comisións, actos ou actividades que con leve as actividades encargadas polo mesmo, é ostentada polo IGCC quedando expresamente prohibida á delegación en persoal da universidade. No caso de ser precisa a delegación do IGCC en persoal da universidade, esta será obxecto de comunicación expresa por escrito a xerencia do IGCC para que de adopten as medidas oportunas.

6.- Cesión de uso de locais e instalacións por parte da Administración:

Cando por razóns da imposibilidade de dividir soportes (informáticos ou doutro tipo) sexa necesario utilizar instalacións do IGCC para o desenvolvemento idóneo das actuacións encargadas e para que non se produza un gran menoscabo nos traballos do IGCC e da universidade, será necesario que o IGCC ceda o dereito de uso, por escrito, das instalacións e infraestruturas nas condicións que se pacten, tendo en conta sempre que “o persoal que vai utilizar as salas e instalacións dependerá exclusivamente da universidade”, sen que o seu uso implique a existencia de vínculo laboral co IGCC.

No caso de que sexa necesario ceder o uso dos locais do IGCC, o persoal da universidade deberá usar, de forma obrigatoria, un distintivo. Neste caso o persoal da empresa deberá en todo caso usar espazos que sexan independentes ou que estean separados por algún tipo de elemento arquitectónico de separación dos usados polo persoal propio do IGCC.

7.- Cesión de uso de aplicacións ou programas do IGCC:

No caso de que a universidade teña que utilizar unha aplicación ou programa do IGCC, será necesario que la universidade dispoña dun programa informático compatible para poder facer un transvase dos datos do programa propios del IGCC ó da universidade, sen que en ningún caso puidera o persoal externo ter o mesmo acceso que teña o persoal propio do IGCC.

8.- O persoal da universidade, ou o que en virtude dunha encomenda de xestión preste os seus servizos nos centros de traballo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, non poderán ter acceso aos seguintes servizos:

- Cursos de formación, salvo os que puideran ser obrigatorios, no seu caso, en materia de prevención de riscos laborais.
- Uso do servizo médico, salvo en casos de urxencia debidamente xustificados.
- Uso de ximnasio ou instalacións similares.
- Centro de Educación infantil.
- Aparcamientos e zonas de estacionamento reservado.
- Programas socio-culturais ou prestacións de acción social.
- Realización de recoñecementos médicos de carácter periódico.
- Medios de transporte dispostos para o persoal do departamento.
- Acceso ao correo electrónico corporativo. En caso de que se lles deba asinar unha conta de correo electrónico, na dirección de correo deberá deixarse constancia de que se trata de persoal externo.
- Tarxetas de control de acceso de empregados públicos, dotándoselle, no seu caso, dunha autorización especial de entrada. En ningún caso o control de acceso as instalacións poderá supoñer un control horario do persoal da empresa contratista.
- Tarxetas de visita.
- Acceso á intranet corporativa, salvo no que resulte estritamente necesario para o cumprimento do contrato, e sen que este acceso poida ter lugar nas mesmas condicións que para o persoal do IGCC. No seu caso, poderase habilitar unha intranet específica para uso da empresa contratista e as comunicacións co seu propio persoal.



- Aceso a economatos, comedores, farmacia etc. que se houberan previsto “exclusivamente” para empregados públicos do IGCC.
- Calquera outro beneficio ou vantaxe social análoga recoñecida aos empregados públicos do IGCC. Neste senso, a utilización dos servizos de cafetería ou comedor realizarase como o previsto, na unidade de que se trate, para o público en xeral.

9.- En ningún caso, poderán percibir indemnizacións por razón de servizo das previstas no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, modificado polo Decreto 96/2011, de 5 de maio, con cargo aos presupostos do IGCC.

10.- O IGCC proporcionarán aos seus empregados públicos accións de formación ou información para atallar aquelas prácticas que determinaron ou poden determinar a existencia de cesión ilegal nas contratacións de servizos.

11.- Evitarase a confusión de funcións ou tarefas compartidas que puideran xerarse entre o persoal ó servizo da universidade e os empregados públicos destinados no centro de traballo. En ningún caso este persoal participará en roldas de vacacións ou días de permiso que se establezan nos centros de traballo do IGCC.

12.- A Xerente do IGCC, velará polo cumprimento das presentes instrucións, promovendo a súa difusión, asegurando a súa implantación e realizando o seguimento do seu cumprimento.

ANEXO II

Compromiso de confidencialidade

D/D^a con maior de idade, con DNI....., en condición de persoal ó servizo da Universidade de Santiago de Compostela en virtude do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO**, pola presente comprométese e obriga a gardar absoluta confidencialidade sobre todos os datos e información de calquera clase ou tipoloxía, en especial os de carácter persoal, e incluíndo os estatísticos ou de natureza análoga, que coñeza ou ós que teña acceso de xeito directo ou indirecto como consecuencia das actividades que teña levar a cabo en virtude de dito convenio, calquera que sexa ou fose a forma de acceso a tales datos ou información e no soporte no que consten, quedando absolutamente prohibido sen a previa autorización do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, e que o será exclusivamente para a finalidade que se recolla en dita autorización, de obter copias ou a utilización da dita información e datos para calquera finalidade incluso a través e/ou a favor de terceiras persoas entidades ou organismos e con independencia de que iso supoña beneficio directo ou indirecto para calquera persoa. Ás obrigas anteriores serán extensibles incluso á comunicación ou difusión por calquera forma da mera existencia dos indicados datos ou informacións.

O acceso e tratamento de datos e información indicada anteriormente como consecuencia da relación establecida co Instituto Galego do Consumo e da Competencia, realizarase exclusivamente de acordo ás finalidades previstas no convenio, subsistindo o deber de secreto e confidencialidade, aínda despois de que finalice dita relación e sendo responsable e asumindo todas as consecuencias que deriven do incumprimento de todo o anterior, en especial as que teña que asumir o Instituto Galego de Consumo e da Competencia de xeito directo, indirecto ou subsidiaria como consecuencia do incumprimento das obrigas establecidas neste documento; todo isto sen prexuízo das responsabilidades persoais en que poida incurrir de carácter civil, penal, administrativo ou de calquera outro tipo.

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura do interesado

ANEXO III

MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FACULTADE DE DEREITO) NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o IGCC e a Universidade de Santiago de Compostela no ano 2022, co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e investigación no eido do Dereito de Consumo, a participación de membros da universidade no arbitraje de consumo e establecer foros de debate e proposta conxuntos.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, aportará á Universidade de Santiago de Compostela, a cantidade total de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 06.80.613A.640.1 que figura dotada no orzamento de gastos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para 2022. Dita cantidade supón a aportación máxima do IGCC os gastos da actividade.

Faise constar que esta aportación do IGCC supón unha compensación dos gastos reais nos que incorra Universidade con motivo deste convenio e que supón ó 88,40 % dos gastos reais, sendo por conta da Universidade o 11,60% restante

Neste anexo III establécese unha previsión dos gastos das actividades obxecto do convenio, desagregada por conceptos que se estima para as actividades obxecto:

Gastos do persoal que participará no sistema arbitral de consumo.....	20.456 euros
Gastos bibliográficos	2.200 euros
Material informático.....	600 euros
Celebración jornadas/seminarios.....	4.500 euros
Participación en congresos.....	1.500 euros
Costes indirectos de la USC con motivo do convenio.....	4.681 euros
TOTAL.....	33.937 EUROS

De dita cantidade o IGCC contribuirá, como compensación dos gastos nos que incorra Universidade con motivo da actividade de convenio, a asumir o 88,40% dos gastos reais que se produzan cun máximo de 30.000 euros.